

Esperado encontro

Afundiu a man a través da espesa hedra que cubría o muro ata apalpar aquela pétrea inscripción enmarcada por un corazón; "Xan e Lois 02-01-1963".

Durante anos, cada un dende a súa pequena parcela de mundo, separada por convencionalismos, soñara con aquel encontro. Cos bicos e apertas que a distancia adiara.

E, a pesar de que os seus corpos ficaran afastados, as súas almas sempre persistiran acaroadas entre sí, aferradas á idea de que nunca sería demasiado tarde para reconducir o destino, porque as oportunidades só rematan cando a vida se esvaece.

Agora, sesenta anos despois, viúvos ámbolos dous, voltaban á frondosa fraga que noutro tempo fora testemuña muda dos seus apaixoados encontros. Unha foresta que arroupara aquel amor prohibido, calificado por todos como antinatural, para darse a oportunidade que antano non tiveron.

Deixaron que a hedra voltase ocultar o gravado na pedra, que o gorecese da maldade dos ollos allenos, que a humidade do follaxe o aloumiñase e collidos da man, adentráronse no arboredo.